

# PAPEL EN BRANCO



**Curso de Escritura creativa**

Axuntar  
[www.axuntar.eu](http://www.axuntar.eu)

Nel mes de setembro de 2024 el Ministerio de Cultura, a través del programa de *fomento da lectura nel mundo rural* polo proxecto “**PANQUEIXA, QUE OXALÁ FLOREZCA MIL PRIMAVERAS MÁS**”, concedeunos úa subvención. Con ela mercamos un programa pra realizar cursos on line.

Este libro de Escritura Creativa realizado a través da web de Axuntar ([www.axuntar.eu](http://www.axuntar.eu)) contén os textos creados por todas as persoas participantes:

1. Moisés Cima Fernández
2. Rosa Cortizo Alonso
3. María Jesús Gayol Rodríguez
4. Begoña Martín Acero
5. Marta Méndez Quintana
6. Quique Roxíos

Senta e le porque a creación é  
un pequeno prodixio,  
úa chispa que incendia el  
PAPEL EN BRANCO.

Aquí ta el listado de textos posibles que temos nel curso para que os e as participantes escollan e creen a partir delos:

1. Describe un olor que che guste muito (el pan recén feito, el herba recén segada, a terra mollada, el mar, as manzás...).
2. Escribe un rap sobre un atraco.
3. Explica, con función literaria, cómo se pon en funcionamento úa lavadora.
4. Escribe úa "carta al director" sobre un tema que che preocupe/guste/disguste...
5. Inventa un diálogo humorístico.

### POETIZAMOS

1. Pra qué serve a poesía? Escribe un breve poema. Debe conter figuras literarias, por exemplo: úa metáfora, úa comparación, úa hipérbole... Se necesitas saber en qué consisten, entra na web.
2. A que sabe el amor?
3. Catálogo de beleza de balde. Escolle úa cousa gratis que che guste muito e descríbela en tres liñas.
4. Oh, la, la, l' amour! Escribe POR QUÉ TE QUERO.
5. Un CENTÓN é un poema formado por versos de outros poemas coñecidos. Fai un.
6. El ESTRAÑAMENTO consiste núa sorpresa que fai saltar el resorte poético. Escribe tres frases que convirtan lo habitual en estraño, en algo visto por primeira vez. Inventa úa adivía.
7. Escribe un haiku (poema xaponés de 3 versos, de 5,7 e 5 sílabas respectivamente).
8. Escribe tres frases de Acción Poética. Movemento cultural nacido en México, creado por Armando Alaní, que consiste en escribir frases (en letras maiúsculas e negras) sobre muros brancos, firmados con el nome de ACCIÓN POÉTICA.
9. Escribe un caligrama. Poema visual, forma poética

na que todas as palabras crean úa figura, un debuxo, alusivo al contido expresado nel texto.

10. Escribe un acróstico. Poema nel que as letras iniciales, medias ou finales de cada verso, lidas verticalmente, forman úa palabra.

11. Escribe un anaglifo. Poema de cuatro versos escrito coas seguintes reglas: nos versos 1º e 2º repítese el mesmo substantivo; nel 3º aparece “a galía”; e nel 4º úa frase que sorprenda por non ter nada que ver co anterior.

12. Dedícalle un poema ás palabras, porque sen elas non taríamos fendo este cursín.

13. Escribe un limerick. Forma poética mui popular nel mundo anglosaxón, de 5 versos con esta rima: AABBA, de ton humorístico, muitas veces erótico.

14. Escribe un eslogan publicitario.

15. Escribe 5 metáforas sobre el mar.

16. Escribe un poema nel que uses, como mínimo, 5 colores.

17. Escribe outro nel que aparezan, como mínimo, 3 animais.

18. Escribe un poema paisaxístico, situado nun bosque de faias.

19. Dedícalle un poema al mar.

20. Escribe un poema nel que el espacio seña úa fábrica de fíos de cores.

21. Dedícalle un poema a un ser mitolóxico.

22. Despídete de daquén de forma poética.

23. Escribe un haiku de amor.

24. Escribe un haiku erótico.

25. Escribe un soneto (xa sabes, versos endecasílabos, con rima ABBA ABBA CDC DCD).

26. Dedícalle un poema aos watsapp.

27. Escribe un poema feminista.

28. Escribe un poema ecoloxista.

29. Escribe un poema social.

30. Escribe un poema pra nenos-as.

31. Traballa poesía e astronomía convolutamente. Fai un poema "sideral" empregando el maior número de figuras retóricas: metáforas, sinestesias, hipérboles, anáforas, epíforas, metonimias, personificaciois... El "EU" lírico ten que ser un satélite espacial, un meteorito, úa nanoestrela, el sol, a lúa, a Vía Láctea, un cometa, úa estrela fugaz, un furaco negro...
32. Escribe un poema dedicado ás nubes (cirros, mammatus, cumulonimbos, irisadas, cirrus uncinus..., ás que che gusten máis).
33. Busca cómo Tristan Tzara explicou a maneira de fer un poema surrealista e fai un.
34. Como a nosa intención sempre é preservar a nosa lingua, como último exercicio propoñémosche que penses, pregúntate... e recollas 5 palabras da nosa variedá dialectal que consideres que case non se usan ou que tán a piques de perderse e defínelas de forma literaria.

### NARRAMOS

1. Abre a ventá e describe lo que ves.
2. Traballando el xénero epistolar (hoxe en día tan esquecido) escribe úa carta aos Reis Magos pedíndolles tres desexos.
3. Escribe 10 "teño medo de/a..."
4. Escribe qué é pra ti: a felicidá, el humor, África, a lectura, el sol, os soños...
5. Escribe 10 recordos.
6. A mía fortuna é...
7. El meu lugar favorito é...
8. Na vida hai "flores" e "espías". Escribe 5 de cada.
9. Con sentidín: Describe literariamente sobre el tou olor preferido, el tou sabor, a textura que más che gusta tocar, el tou son especial e lo que más che gusta contemplar.
10. Os meus soños son...

11. Escribe un manifesto. Declaración pública de intenciois, desexos, peticiois, protesta... polo xeral poético e/ou artístico.
12. Escribe un aforismo. Frase concisa que condensa úa idea e que usa abundantemente figuras retóricas como a aliteración, a anáfora e el ritmo.
13. Escribe úa greguería. Frase na que el autor expresa úa idea filosófica, pragmática ou humorística dun xeito inxenioso e orixinal.
14. Elabora un pequeno cuaderno de viaxes.
15. Que cambiariás del mundo?
16. El meu paraíso é...
17. Escribe un tautograma. Poema ou texto formado por palabras que comienzan todas pola mesma letra.
18. Escribe un lipograma. Texto nel que se omite intencionadamente algúia letra del alfabeto.
19. Escribe un palíndromo. Palabra ou frase nas que as letras tán dispostas de tal maneira que se pode ler a mesma palabra de esquerda a dereita, que de dereita a esquerda.
20. Escribe un calambur. Consiste en modificar el significado de úa palabra ou frase agrupando de distinta maneira as súas sílabas.
21. Describe poeticamente un cuadro del tou pintor favorito.
22. Describe úa fotografía.
23. Dedícalle un microrrelato á túa lingua materna.
24. Escribe un nanorrelato nel que aparezca a palabra “quérote”.
25. Escribe un nanorrelato sobre a historia da Creación.
26. Escribe un microrrelato de medo.
27. Escribe un microrrelato en que unas narración e cocía.
28. Escribe un nanorrelato nel que aparezca úa Amanita muscaria.
29. Describe un primeiro chuchío.

30. Escribe un conto nel que el personaxe principal sea úa trapecista.
31. Transforma un poema que che guste muito, nun conto.
32. Con estas tres palabras: árbol, chocolate e río, inventa un microrrelato sobre a vida nun lugar da selva amazónica.
33. Encadea micros: coel final dun, comenza el seguinte.
34. Boto de menos...
35. Con tempo, elabora un cuaderno das túas lecturas e das túas viaxes.

#### **FEMOS TEATRO**

1. Escribe un diálogo entre úa mazá e un verme.
2. E un pequeno texto dramático titulado "Na oficina dos obxectos perdidos".

## El olor das manzás



As manzás da Madalena son as primeiras que probamos. Condo tán verdes non hai quen las coma polla súa acidez, pero son as que máis apetecen e por eso sempre se enceta algúa a destempo cúa ansia que se apaga coa primeira dentuada se é que a manzá non ta abondo madura. El color verde claro destas manzás vei fénbase arrosado e coloradín según van madurecendo.

As manzás piquinías e marella de Ramonín son dulces pero cativas; pequenotas pero refrescantes; color de palla e sol. Certo que non tein venta, sendo como son tan encollidas, e tal parecera que non quixeran darse importancia.

Na mía casa, el mazaneiro que las daba era inmenso e debaxo del sou pé extendíase un tapete de estrellías douradas deitadas na contorna del arbólón. Había manzás a esgalla.

As manzás de Reineta, verde oscuro, verde agrisado, son as que aguantan el inverno, as que duran e se guardan nel desván muito tempo e son as monarcas de todas as manzás. El sou sabor agridulce é un sabor adulto, apreciado polos vellos e polos que saben inxertar árboles.

Todas as manzás, as da Madalena, as de Ramonín, as Reineta, todas, tein el mesmo ulido, el ulido da infancia.

Quique Roxíos

## Un olor



Pote fervendo con toucín, chourizo, rabizas e fabas, más un  
óso famélico e descarnado.

Cheira toda a casa a caldo que ferve contento.

Fáltanlle as patacas da terra que son como manteiga.

El compango é alquimia.

Caléntase el corpo e morren as penas de alegría.

El caldín revive.

El pote roxe a lume lento, casi morrendo, porque se atopou  
coa olla exprés e segue fervendo e pitando.

E eu aquí, coa vitrocerámica... cociando.

Rosa Cortizo

## Un rap sobre un atraco



Somos atracadores,  
vendemos os nosos valores,  
gañamos cos tous temores.

Enche a bolsa ou morres!

Todos as maos en alto,  
esto é un asalto,  
non queremos sobresaltos.

Enche a bolsa ou morres!

Vimimos aterecidos,  
crédesnos abatidos,  
despreciados, consumidos,

Enche a bolsa ou morres!

Deprimidos, destruídos...  
Son denuncia os nosos berridos  
que nunca foron atendidos.

Enche a bolsa ou morres,

enche a bolsa ou morres,  
enche a bolsa ou morres,  
enche a bolsa ou morres.

Quique Roxíos

## É el tempo



Xa é el tempo de castañas, cebolas, setas, noces e viñas cheas.

Del dourado outono, das meles primeiras.

Xa é el tempo de ver as follas nas beiras.

Tempo del color del ouro,  
tempo de ver el fumo nas lareiras,  
das ventás chorando augua nas cristaleiras...

Énchense de bon viño as bodegas.

Tempo bendito,  
condo a terra nos dá as mellores ofrendas.

Rosa Cortizo Alonso

## Un poema ás palabras



### Chisgos

Nel Eo-Navia deixáronnos el ouro,  
as devanceiras, as antergas e antepasadas,  
como el ouro que os conquistadores  
roubaban en Nezahualcóyotl e  
el ouro que escapaba -a gotías-  
das súas bocas e que inda hoxe perdura  
-palabras e palabras-  
nos desertos e vales da Pampa.

Úa palabra aquí e outra acolá  
(Cunqueiro, don Hamlet del cerzo),  
el ouro das palabras  
(Neruda envenenado),  
palabras como páxaros encendidos  
(Cortázar, Cocó, Bestiario),  
escollendo entre el verbo e el substantivo  
(Pacheco, el gran buscador de palabras).

E agora...  
somos depositarias e cuidadoras:  
del *paxarín* dos *binteiros* soñadores,  
                  del *mel* que viaxa por aires e ventos  
                  nas patas das primorosas abellas,  
da *panqueixa*, primeira flor das florestas,  
                  da marela e olorosa *carqueixa*,  
del pobre *rascacheiro* de Atxaga  
que morre nas malditas estradas,  
                  dos *cais* vagabundos, abandonados,  
dese *acougo* universal que nunca chega,  
                  da vida que se nos va e as palabras  
                  que *esqueicemos* -inda que sempre  
tuveron ei-, ouro caendo a gotías  
                  das bocas das devanceiras, antergas e  
                  antepasadas:

*aguillolo, banzo, celergas, chisgo, descoxar, esbeirar,*  
*furfuzo, gadella, halar, incre, lampareiro-a, mallolo, nisa,*  
*nicle, onte, palomba, queixada, rabuñar, seimeira,*  
*trangallada, umieiro, vacaloura, xarolo-a, zarapallada.*

Muita responsabilidade é esa...

## El olor del pan



Ás mañás, nel vrao, vou camín da Facunda. Según me vou achegando, el olor del pan recén feito vei asonagando a calle e síntome atraída como se dun imán se tratase, como se un dos sous polos turrase de min.

Ese olor a faría lenta, a levadura, a centén e a meiz envólveme pouco a pouco. Entós doume conta que a présa por chegar me fai andar cada vez más rápido.

Condo chego, a calor del despacho de pan, as estanterías -chías de barras, riches, panchas e fogazas-, e as escaleiras de madeira moteadas de branco que baxan asta el enorme forno onde se coce, todo eso transpórtame a outros tempos. Nostalgia, señardá, morriña, saudade.

BMAcero

## Como se pon a funcionar úa lavadora?



A llavadora é un ser solitario. Chega el amo ou ama, ábrelle a porta, énchela cun feixe de roupa sen preguntarlle se ten ánimo de puerse a traballar. De seguido esguéiralle nun caxón pequeño que ten esta máquina de llavar todo tipo de vestimenta e aprovisónala de deterxente e suavizante da roupa. Feito toso eso el amo ou ama dálle voltas a úa rodía con números que ten a llavarora e, decidido ta! Vei ter que seguir as instruccios del programa 3 que é el da roupa cocha e chía de terra, bulla ou contra. Outra vez sola a nosa llavadora, sen naide que mire pra ella, sen ruxideiro de nenos rabincando e sen un corro de mulleres cantando. A llavadora non é úa ignorante e ouguiu falar dos llavadoiros onde todo el poble se xuntaba, apinaban a roupa, puíanla al verde e contaban historias. As fontes, os llavadeiros de antias aprendían cada día un cento de historias, rían ou choraban e pasaban os días mui entretidas. Pero a llavadora eléctrica morre adormentada, anestesiada, amormiada, cansada de tantas soledades.

Quique Roxíos

## Un diálogo humorístico



- Ouguiche?
- Que teño que ouuir?
- Lo que che dixen.
- Non sei que dixiche.
- Pos non cho penso repetir.
- El coche non cho deixo.
- Non decías que non ouguíras?
- Hai veces que vale máis non escuitar nada.
- Xa. Non hai millor xordo que el que non quere ouuir.
- Visto lo visto creo que vale máis tamén callar.

Quique Roxíos

## Carta al director



Sou el alumno da clase número cinco que se senta na fila quinta e que me chamo Quinto Quintana. Eu son da mesma quinta que todos oa meus compañeiros pero teño un problema que non ten que ver cos anos que temos. El asunto é que nel belleco ou meñiqui, nel pequenolín ou monín, xa sabe, nel quinto dido da mao dereta, nel pasado mes de maio, el quinto mes del ano, pinchoume un bicho mentras tía clase de música e inchouseme de tal xeito el dedín que non pudo nin escribir nin tocar nel instrumento que quería aprender a tocar. Os xoves, el quinto día da semana teño a clase de requinto, un instrumento musical que tocamos os del Franco pero con el carallo de problema que teño coel quinto dido da mao non sou quen de coas notas acertar e véxome imposibilitado de avanzar na aprendizaxe. El caso é que según el albeitre del Villar de Quintela el motivo del meu mal é que me pinchou úa abella dun desprobo que, como todo el mundo sabe, é el quinto enxame que dúa

colmía sale. Según el curandeiro quintelano as pinchuadas deste tipo de abellas ás veces deixan secuelas perennes. Como a condenada da abella me pinchou tando en clase e non andando por fóra, quero que sepa que dice meu volo que a escola ten responsabilidade civil e que me ten que me indemnizar. E é por este aquello e non por outra cousa el motivo pollo que lle escribo esta carta. El agasallo ou compensación que pido é que me compren úa solfa pos entendo -xa que coel requinto élleme totalmente imposible-que con este instrumento -tamén de vento pero mui diferente- serei quen de tocar sen usar el meñín. Poder tocar é lo que a min me esmole.

Sen outro particular quedo a espera de pronto dispoñer da harmónica que tanto devezo.

Quique Roxíos

## Un olor que chega del norte



Chégame del norte un cheiro que nun esqueicerei nunca: a cocía búa de leña e cariño.

As rosquillas que fexo a mía prima Magdalena nel chigre de Cedemoño, saben a gloria. E cando tas llonxe e ves nel super a faría, el corpo xa che pide dulce.

Nun hai cousa mellor que un papado de café e úas rosquillas na cocía onde arde a leña.

(É tempo de fer estas cousas que endulzan a vida).

Rosa Cortizo

## Haikus

Quedou úa folla  
nel árbol morto,  
pasado el outono.

\*\*\*

Tempo de neves,  
augua chorando  
todo se volve verde.



Rosa Cortizo


## Acróstico



Terra de pan caliente.  
Esperanza de verdes pradeiras.  
Roxa de meiz.  
Revelde el sou corazón.  
A ugua de bravía ilusión.

Rosa Cortizo

## Anaglifos



Febreiro  
Febreiro  
A galía  
e nun te quites el sombreiro.

\*\*\*

Libros  
Libros  
A galía  
Elas nun saben leer.

Rosa Cortizo

## Poñer a funcionar úa lavadora



Cantaba un acordeonista polas aldeas:

*Nun me mates con tomates que los hai na tomateira,  
mátame con nenas guapas que las hái na Baboreira...*

Os piropos de antes, cuidadín...

Agora temos que ouuir cousas que son outra cosa.

As canciois de *felices os cuatro* e cousas piores, que deixan en mantías aos piropos.

Xa me metín nun xardín, e pra salir vou coller flores.

Marcho a puer a lavadora.

Poño xabón e acórdome del azulete.

Nestos tempos puer úa lavadora é relativamente fácil, si nun teis úa desas que asemella úa cabina de avión; pero ten úa cousa que nunca entenderei que é...

A onde *co-- \*\*\** van os calcetís?

Rosa Cortizo

## Un olor



Recordo el olor de aquela onza de chocolate colocada nel medio del pan de San Roque... naquelas merendas de nena. Taba ben bon, tan gustoso...

Era lo millor que tíamos os pequenos.

Úa merenda ou úa chocalatina daquelas que eran onzas de ouro, eran agasallos de primeira.



Rosa Cortizo

## El olor a tortilla que arrecende dende as ventás



Condo a tardiquía vai dicindo adiós e vai asomando a noitía e un vai pola rúa, ás veces despistado, de algúia ventá escapa furtivo el olor dalgún fogón, que non é outro que el olor a familia. Ese olor indescriptible a pataca fritida mezclada con ovo, el olor da tortilla que arrecende dende as ventás... Ese é el olor mesmo da tortilla que se fai na casa propia, na casa de un. El mesmo olor, a mesma tortilla; con cebola, sen cebola, más feita, menos feita... pero al cabo, a mesma tortilla feita nos mesmos fogois, comida nas mesmas mesas polas mesmas familias, grandes, pequenas, con nenos, sen nenos, con vellos, sen vellos... pero esas familias que, como a propia, cargan coas súas propias historias, as súas propias preocupaciois, os sous propios pesares... e as súas propias alegrías, os sous propios soños, as súas propias esperanzas. Pesares e alegrías, preocupaciois e esperanzas, desilusiois e soños que, como el olor a tortilla, se repiten úa e outra tardiquía, úa e outra vez, de familia en familia. Porque al cabo, as familias, a que más e a que menos, todas van parecéndose entre si, úas con cebola, outras sen cebola, más ou menos feitas, pero todas ulen parecido.

Moisés Cima Fernández

# Centón

Chove en Santiago,

meu doce amor. (García Lorca, *Seis poemas galegos*)

*Téñote na miña boca sempre.* (Andrea Nunes, *Diáspora do amor balea*)

*Cando as cousas buscaban os seus nomes,  
eu xa te buscaba.* (CEF, *O soño sulagado*)

*En todo estás e ti es todo.* (Rosalía de Castro, *Follas Novas*)

Coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas (Olga novo, Nos Nus)


As nosas soedades  
veñen de tan lonxe... (Manuel Antonio, *De catro a catro*)

*Ás veces digo amor* (Pilar Pallarés, *Sétima soiade*)  
*cando a noite é pechada,* (CEF, *Onde o mundo se chama Celanova*).  
*cando non me alumean  
eses teus ollos.* (Curros Enríquez, *Aires da miña terra*)

*Como hei vivir mañá sen a luz túa?* (Bernardino Graña, *Se o noso amor e os peixes*)

*Por amor son o que son.* (Darío Xohán Cabana, *Cantigas do setenta*)

## Puer úa lavadora



Hai xente que separa a roupa branca da de color. Outros separan a roupa interior e outros a roupa de traballo. Algúns separan por tipo de tela, algodón, la, poliéster ... e outros bótanla toda xunta, que al fin, a roupa é roupa.


Os programas das lavadoras sonche outro cantar. Hai lavadoras analóxicas, cúa rodía prá temperatura e outra rodía pral programa. E na programación, hailas más xinxelas úas que outras. Nalgúas tes úa numeración, que, perdendo el libro de instruciois, non entende naide. Outras sonche más claras: “roupa delicada”, “algodón”, “poliéster” (e os que non separamos vémonos ante úa ruleta rusa). Outras lavadoras parece que las programou a NASA, con muitos botois que nunca se sabe pra qué son. Eu tía úa lavadora cúa rodía, que a metá era moura e a metá naranxa, e nas dúas metades puía as temperaturas (\*; 30; 60; 90), e nunca souben qué diferencia había entre puelo en versión moura ou en versión naranxa, ambas lavaban igual. Agora ando cúa que ten botoníos, escolles programa... e escolles temperatura, que xa despois lava ela á temperatura que lle dea a gana (que debe ser a 1200°C!).

Lo sou é botarlle suavizante, un queula ben, pero que non se pegue demasiado á roupa, que ás veces parece que non aclarou ben. El deterxente, hailo en polvo, líquido e mesmo en cápsulas. Vai pouco inventaron úas tirías de tela biodegradable impregnadas en deterxente que se disolven coel augua e son ecolóxicas... Por certo... mesmo sacaron un anuncio en galego.

E é que coa colada, como coa vida, hai muitos xeitos de fer as cousas. Lo importante é que al acabar haxa menos merda da que había al empezar.

Moisés Cima Fernández

**Estimado Sr. Director de *La Nueva Voz del Comercio del Norte del País*:**



Escríbolle confundido xa que vai un tempo noto que a calidade del sou diario non é lo que era. Non falo xa da calidade informativa, de la que vai tempo que non espero nada, senón da calidada del papel.

E é que vai tempo que non me asomo al sou diario pra informarme, que pra eso tán as redes sociales, que mentir, minten lo mesmo que os diarios, pero al menos son interactivas. Pero fiel al sou diario, al mesmo diario que mercaba meu pai, meu volo e meu bisvolo, que tantos recordos me trae, e fiel a ese acercarme al quiosco a mercar el periódico e charlar coel amable quiosqueiro das noticias más intranscendentés, decidín non deixar de mercar el periódico que lo mesmo me vale pra prender a cocía que pra envolver el pescado.

Pero dun tempo a esta parte vexo con disgusto que el periódico vén con outra calidade de papel, máis *aplasticada*, que fai que el liquidín que poda ir soltando el pescado se vaia todo pra fóra pingándome a meseta e mesmo el piso. Ademais el exceso de tinta a color que ultimamente poin (imaxino que pra chamar el atención del lector con imaxes a color, a falta de noticias contrastadas)


deixa un mal sabor al pescado que, se vén fritido non se nota, condo un fai shushi (porque un envolve el pescado en periódico, pero é cosmopolita e moderno) a tinta lle come el sabor mesmo al washabi.

É por eso polo que lles suplico por favor, que xa que non van cuidar el contido del sou periódico, cuiden polo menos el continente.

Atentamente.

Un lector gastronómico.

Moisés Cima Fernández



Somos fillos dun mundo que roda,  
irmaos dun llugar que nun sabe sacar risas aos nenos.  
Tamos probes de ilusiois, cheos de medos e fartos de nada.  
Vemos pantallas e nun miramos lo que temos cerca.  
Cegos de instantes.  
Xordos de silencios.  
Con señardá de lo que perdimos e quedou núa foto  
esquecida nun caxón.

Rosa Cortizo

## Anaglifos



Castañas  
Pitas, pitas,  
a galía  
e os ovos dúas xemas tían.

Cabras  
Cabras  
A galía  
Compreime úas galochas.

Rosa Cortizo

## Un olor



Un olor que nun esqueicín foi el dos camíos cheos de bullas das vacas, como fogazas de pan de centén.

A maestra decía que os nenos cheirábamos a vaca.

Si por min fose, as vacas da nosa terra deberían ser sagradas, como as da India.

As paisaxes da nosa terría, nun serían iguales sin elas, tan nosas, tan necesarias.

Ou é que pensades que el leite vén del super nesos cartoís, e xa todo feito?...

Pois non...

Rosa Cortizo

## Na fábrica de filos



Filos, creadores del cosmos,  
metáfora da vida,  
vínculos cos deuses e el destino.  
Símbolo femenino suave e flexible.  
Trama e urdime.  
Todopoderosos, luminosos.

Texendo e texendo  
enxendramos un soño. Asombro.  
Con puntadas que levan a alma consigo,  
pendemos dun filo perdemos el filo,  
vivimos al filo, cortamos el filo...

Rapsoda, aquel que canta e que conta  
unindo cun filo de seda a memoria dos vivos.

## Úas palabras



-*Peime que vei falopar.*  
Decía Paco, mirando al celo.  
Collía a gadaña e ris, ras,  
poñíase a segar despois de **cravuñar**.

Os **ouropesos** medraban nas beiras,  
bicolores.  
Esperaban que Paco pasase de largo, ris, ras...  
Non así el **meiz de alcacel**  
que, mui teso, se sentía intocable.  
Invencible.  
Nin a **cacharola** carmesí,  
dentro da súa vaina.  
Indestrutible.

-*Como vei falopar en abril?*

E de súpeto, así..., sen más,  
comenzou a **salabrear**.

Paco era un gran meteorólogo.

BMAcero

# ManifestO posa lingua

Síntome na obriga de **FER PÚBLICO** este manifiesto EN

FAVOR da **nosa lingua, e**

## TEÑO un SOÑO:

QUE NAZAN **NEOFALANTES**

QUE RESISTAN OS FALANTES

Que cuidemos as **PALABRAS**  
pra que **NON** desaparezan

Que **ESCRIBAMOS**

Que la tratemos con RESPECTO

E que la usemos en  
todos  
os contextos e situaciois


ESTO É un acto de  
**RESISTENCIA!**



BMAcero




navideño



Veñen de llonxe.  
Siguen úa estrella.  
Ouro, incienso e mirra  
traen na camella.  
Fíxoxe a noite  
al pasar a cancella.  
Chegaron al pesebre e  
calentáronse na llareira.

Rosa Cortizo Alonso

## El estrañamento



Esta mañá despertei mui cedo, condo ainda taba ben escurecido.

Despertoume un ruxidoiro desvariado pos na pequena aldea na que vivo a esas horas solo se escuitan os gallos cantar, as vacas muxir ou el vento que aballa nas copas dos eucaliptos. Asomeime a ventá e vin us halos de lluz que avanzaban dende el centro da aldea cara á mía casa que ta xa casi fóra del poble, nel cabo da única rúa principal.

Era úa procesionaria de vermes allumois que tían dous ollos luminosos cada un.

Nas beiras del camín úa especie de fueiros ou estadoños vixilaban firmes e deretos. En vez de estandartes mostraban úa careta con tres ollos e, de improviso, encendeuse úa lluz vermella nun desos ollos dun desos postes e a comitiva de larvas allumúas parou delantre da viga metálica que talmente parecía apercibillo.

Como por imperativo legal pararon de andar osmando polos mandatos del chanto que coel foco prendido nel alto asonagaba de rubién a escena.

Houbo úa pausa nel devir del ameicer. Todo quedou inmóbil.

Escuitouse música que salía del primeiro verme parado al pé del poste e un grupo de xente cruzoulle por delantre, pisando as teclas brancas dun piano pintado nel tarrén.

Taba barruzando, a parte moura de alquitrán que había entre as raias brancas dibuxadas parecían furacos mouros onde os que cruzaban intentaban non caer. De súpeto a columna espetada cambiou a luz vermella por outra marella que salía doutro dos tres faros que aquel ser llucía na cachola.

Os vermes allumois xemerón ansiosos: brrrruumm, brrruumm... e suubitamente a lluz dourada apagouse e prendeuse outra color verde. A procesión dos bichos de dous ollos reemprendeu a súa marcha. Pasaron por delantre da mía casa, mesmo debaxo da mía ventá e foi entonces condovin a torre da catedral que reparaba en min. Non estaba na aldea, estaba na cidade e tía que ir traballar.

As ringleiras de coches, semáforos, pasos de cebra chíos de transeúntes, pitidos, sirenas... taban avisando de que a noite se desfaragullaba nel ameicer dun día de garabullos.

Quique Roxíos

## Un limerick



Tuven sorte condo de ti me namorei.  
Acordas que che dixen: *sempre te abrazarei?*  
Pouco che costou xotear de flor en flor  
e agora veste roseira sen valor.  
Por unde viche, vei, xa desenamorei.

Quique Roxíos

## Poema al mar



Inmenso deserto que os meus ollos ven,  
batel empapado, son del noso amor,  
azul púrpura de colores vestido,  
furacán que rompe contra el desamor.  
Que dices del noso silencio nas ondas?  
Son un mal vaticinio as augas grises?  
Creo que somos barquía que non afonda,  
cabalos de mar nos corales chuchando,  
area sempre fina, illa encantada,  
estrella que marca el camín da alborada  
vento arrachado que barloventía,  
inmenso deserto que os meus ollos ven.

Quique Roxíos

## Un haiku erótico



Atardecer, conchas,  
chuchos e perlas.  
De sexo, anhelos.

Quique Roxíos

## Chegan olores del Norte...



... viaxan por el Navia e chegan dende as aldeas a tan llonxe como a memoria garda nos sous caxois.

Ás diferentes casas onde vivín chegaba cada ano por xeneiro un paquetín de chourizos, roxos como a alegría. Tamén nozes e avelás.

Eu abría el envoltorio como si fose el mellor dos agasallos de Reis.

Xa non chega, pero é un bon recordo.

E a señardá torna en inverno.

Os Reis morreron como morren as cousas búas dos anos que nada tíamos. Pero... tíamos todos os sentidos feitos de ilusiois.

Rosa Cortizo

## Poema al mar



Foulas e xerfas deixa atrás el veleiro.  
Salseiros  
brancos nel mar azul. Luz.  
Singradura suave, de seda el tul.

Trinquette, mastro e mesana  
enfilan da ría a bocana  
coas velas a barlovento  
e arroaces a sotavento.

Estrela de cuatro puntos.  
Os cardinales.  
ROSA DOS VENTOS que nos leva,  
a salvo, al peirao  
atravesando auroras boreales e australes.

Hala as redes e ímonos navegar!

BMAcero

## El olor das manzás



De onde eu sou, el olor a manzá ta presente na vida diaria dende que naces. Ta tan metido na vida que asta pasa desapercibido. Quizais porque é a vida misma, mais condo se fai en casa. E dáste conta de que ese arrecendo é el que endulza todo lo cotidiano das persoas que nela vivimos: as conversaciois, os enfados e as riñas, os berros, os susurros, as nanas, os estudos, os cuidados, os traballos... As tristezas e alegrías sempre acaban tendo esa sensación de que todo ta entrañablemente ben a pesar de todo:

-Anda, para un pouco e come úa manzá asada, que te sentará ben.

El olor a manzá entra en todas as estancias de casa desde el centro más importante: a cocía. Alí cocíase a vida e as manzás. Marmelada, dulce, empanada, compota, en tixela, con manteiga... Non tíamos muitas golosinas, pero as manzás nunca faltaron e ben que nos alimentaron. Da mía nenez rescato el recordo da nosa primeira viaxe en tren. Mamá e

nosoutros, cuatro ermaos. Todos seguidíos, como ela sempre dice. Papá sólo pudo acercarse coa súa moto asta el outro lado da ría de Avilés, nos terreos da Ensidesona, pra despedirnos. Vaia alegría e pena quedaron nel apeadeiro de Avilés! E qué orgulloso quedou papá véndonos partir rumbo á casa da súa madre, en San Cristóbal (Castropol). Na mitade del camín, mamá sacou un mantel e púxolo nas súas rodillas. Logo chegaron as galletas e el tarro coel dulce de manzá inda tibio. E así foi preparando bocadíos e era como tar na casa. Todo era entrañable e seguro coel olor e el sabor das manzás. As Campas xa taban cerca. Inda tíamos que subir camiñando un bon treito asta chegar á casa de volita. Pero todo taba ben porque a cocía da vola desprendía el arrecendo dulce das manzás asadas nel sou forno de leña.

María Jesús Gayol Rodríguez


## Un olor



A farina de papas ten un olor a panera chía de grao, a lleña ardendo nel forno, a tardes de inverno na casa. A farina de papas ule a campo, a casa, a cousa sencilla pero impagable. A farina de papas é como a sonrisa de meu avolo: faiche calecer.

Marta Ledo Jardón

## Cómo se pon en funcionamento úa lavadora



Este artiluxio que veu a despoblar os llavadoiros llava muito ben, pero nun che dá a conversación que tía eu coas vecías hai un tempín... mira que lo teño intentado pero sempre acabo falando sola condo la poño a funcionar, porque hai que fello, hai que darrle un empuxón. Inda así, de condo en condo acabo tendo úa conversación con ella mentras abro a porta, meto a roupa nel tambor, pregúntolle si tarei esqueicendo algo (nunca me responde...éche de poucas palabras), poño un papadín de xabón (ou douis si a roupa vén del pataqueiro), selecciono el programa que veña al xeito e...espero a que empece a fer el único ruído que podo tomar como resposta. Despós dun tempo, condo acaba, axúdolle a desferse da mía roupa e sigo falando sola camín al tendedeiro.

Marta Ledo Jardón

## Un diálogo humorístico



-Búos días, Manuela.  
-Serán pra ti, nía.  
-Pos que che pasa?  
-Cállame a boca...que si cho conto nun has creerme.  
-Conta, conta, agora nun me deixes intrigada.  
-Pois mira, taba eu fendo úa sopa de lletras e resulta que me quedou mui sosa.  
-Pos ten amáño fácil, colle el dicionario e reveira un pouco, ten que haber palabras que nunca escuitaras...  
-Que ten que ver eso coa mía sopa?  
-Coimes, pos ten muito que ver, xa verás como esas palabras que nun se usan fain que a sopa sia más complicada.  
-Pero eu nun quero que sia complicada a sopa, quero que té a gusto de todos.  
-E por que nun vei tar al gusto de todos? Fáloche de usar palabras pouco conocidas, non inventadas...por el camín van aprendellas...dous por un!  
  
-Qué hai nía? Como che quedou al final a sopa?  
-Pos resulta que nun la fixen... púxenme a buscar nel dicionario como me dixiche e quedei absorta con úa cantidade de palabras que nun conocía que me pasou a mañá coel dicionario dichoso!  
-Entós?  
-Xantamos caldo!

Marta Ledo Jardón

## Un poema



### Reflexión de pedra

Tempo milleiro, si volveses,  
nel tou seno medrarían  
dourados cantos zumbando  
alredor dun tallolo.

Sei que nun che gustaría ver  
como foi medrando el toxo  
e féndose pequeno el prado.  
Sei que nun che gustaría ver  
cómo ferrullece el sito  
unde antes había gado.  
Si volveses, pasaríamos nel monte  
úa llarga tarde falando  
de todo lo que nos foi roubado.  
Supoño que coa mirada  
recorrerías os carreiros,  
xa borrados,  
que siguen esperando  
debaxo da bouza  
un novo mandato.

Si volveses, non podería explicarче

cómo fumos capaces  
de esqueicer tanto e tan rápido  
a belleza que rodea  
por completo  
este camín arbolado  
pra acabar  
todos pendientes  
de pantallas indolentes  
consumindo os nosos segundos  
impasibles, programados,  
como rebaños,  
fotocopiados,  
dirixíndonos hacia a nada.

Nun che gustaría saber  
que vivimos impasibles  
entre guerras e conflitos  
queixándonos de que fai frío  
mentras queimamos os bosques,  
queixándonos da calor  
mentras secamos os ríos.

Nun che gustaría saber  
que por úa foto aprobada  
por un círculo social  
somos capaces de fer  
turismo nel terceiro mundo  
mentras outra vez queixamos  
da nosa roupa *demodé*.

Penso que che gustaría  
compartir nesta cocía  
un pouco de pan con lleite  
un pouco de vida viva.

Marta Ledo Jardón

Este librín rematouse el 31-12-24

Depósito legal: AS 00002-2025

